

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O
CONCELLO DE CASTRO CALDELAS PARA A CREACIÓN DA RUTA DE
SENDEIRISMO “MIRADOIRO DE MATACÁS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Castro Caldelas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Castro Caldelas para a creación da ruta de sendeirismo “Miradoiro de Matacás”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro,



do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Que o concello de Castro Caldelas, pertencente á Ribeira Sacra e recentemente declarado un dos “Pueblos más bonitos de España”, na súa aposta polo turismo de calidade pretende ampliar a súa rede de sendeiros e completar a oferta turística creando un sendeiro de 14 km que se achegue ao Canón do Sil e complemente o sendeiro xa existente “Os bosques máxicos”, a ruta “Miradoiro de Matacás”.

A ruta “Miradoiro de Matacás” ten o seu inicio na vila de Castro caldelas, cunha lonxitude de 14,9 km e un ramal de 2,9 km que vai ata o embarcadoiro no Sil.

A ruta discorre por camiños e pistas case totalmente no concello de Castro caldelas e pasa por lugares de interese como zonas de viñedos, o miradoiro de Matacás, o embarcadoiro do Sil, unha antiga canteira e zonas de bosque coa existencia dalgún antigo sequieiro de castañas.

A ruta ten conexión coa ruta dos Bosques máxicos de Castro Caldelas no tramo de subida desde o Río Edo.

Cuarto.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Castro Caldelas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

